

Raquel Canabal Fuentes

CPR Salesianos San Juan Bosco (Coruña)



Un calafrío percorreu o seu corpo. Comezando polos pés e rematando nas mans que, tremendo, suxeitan a vella cámara que atopara no recuncho máis escuro do faiado. Esquecera o motivo polo que a agochara daquel modo, pero non dubidaba de que fora importante. Co medo roéndolle as entrañas premeu o botón e dispúxose a ver as imaxes.

A primeira foi fácil de recoñecer, lembraba coma se fose onte aquel verán. Marta, unha das amigas que coñecera por aquel entón sorría á cámara cos ollos pechados.

A seguinte trouxo con ela recordos que desexaba non volver a ver, recordos que agochara no máis profundo da súa mente. De súpeto, os detalles volveron cunha estremecedora claridade.

O fedor de peixe podre inundaba o cuarto e non o deixaba respirar. Por sorte rematou a faena e marchou de alí coma se a mesma morte fose detrás del.

Xa anoitecera e a escuridade rodeábao de tal maneira que lle lembraba a una aperta dunha vella amiga á que levas tempo sen ver.

Un estraño son rompeu a quietude da noite e provocoulle un brusco corte da respiración.

Despois duns minutos detido no medio da nada convenceuse de que non fora nada e seguiu adiante. Un erro que levaría consigo o resto da súa vida.

Uns pasos mais aló reparou nun corpo varado na area.

Avergoñáballe recoñecer que o primeiro no que pensara nada máis velo fora en saír correndo. Aquel home (ou muller, pois nin tan sequera anos máis tarde era capaz de recoñecelo) podería precisar da súa axuda. Achegouse firmemente aínda que, despois de entrever o sangue, comezou a arrepentirse da súa decisión.

Non foi quen de comprender o que pasaba ata que o ser que saía das sombras estivo enriba del. Un sonoro grito volve rasgar o aire e, esta vez, tardou en darse conta de que saíra da súa gorxa.

Lembrou fuxir, aínda que non sabe como logrou desfacerse do seu agresor.

Unha árbore, dúas árbores, tres árbores, un bosque.

As ramas ferían o seu rostro.

Unha pedra, dúas pedras, tres pedras, unha arma.

Colléraa sen pensar, a sabendas de que non sería quen de utilizala.

Pasos, máis pasos, demasiados pasos, dor.

Dor fora o que sentira cando o coitelo dera contra o seu pé. Batera contra o chan e comezara mover a pedra tentando acabar co seu perseguidor.

Aire, aire, aire, brazo.

Alí estaba, impulsouse con toda a forza que tiña apoiándose nos cóbados. Seguiu golpeando ata que o corpo deixou de moverse. Non houbo gritos nin testemuñas.

Volveu á praia mentres o silencio oprimía os seus pulmóns dificultándolle a tarefa de respirar. Mirou á súa beira, o corpo seguía alí, fitando para el cos seus ollos baleiros.

O que fixera iso era un monstro.

“E ti tamén”, responderá una voz na súa cabeza.

“Ti tamén o fixeches”, tiña razón.

El tamén era un monstro.

Tentara esquecer todo aquilo pero os recordos sempre volven, e máis cando tes una cámara para axudar. Colleuna con forza e escachouna contra o chan, dun único golpe.

Mirouse no espello, mais non viu o seu rostro, viu un monstro, pois, despois de todo, non vemos o que vemos, vemos o que somos.